



XOSÉ ANTONIO VAZQUEZ COBAS, veciño de Carreira e Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde, en relación **coa demanda para dotar de beirarrúas a estrada da Graña dende a aldea de Vixán até o miradoiro da lagoa do mesmo nome.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É patente a necesidade de dotar de beirarrúas este tramo da estrada dende Vixán ao miradoiro da lagoa xa que carece delas en ambos marxes e a súa pendente fai que as augas ocasionen desperfectos nas propiedades adxacentes. (Foto 1-2)

Por outro lado, ó ser vía de tránsito de vehículos pesados cara o polígono de Couso, engádesse tamén o ser vía acceso ao Parque Natural e a unha das súas xoias máis singulares como é a Lagoa de Vixán a cuxo pe se atopa o *miradoiro ornitolóxico* que é visitado ao longo de todo o ano por numerosos visitantes e estudosos. Como mostran as fotografías a estrada carece de arcens e espazo, ademais de falta de visibilidade por mor da curva, para os peóns que - necesariamente - teñen que invadir a estrada co risco de seren atropelados. (Fotos 3-4)

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA :

- **Que o Concello de Ribeira xestione ante as diversas administracións, Xunta de Galiza e Deputación Provincial, a realización desta obra Tan precisa para os veciños e visitantes.**

ESTA É E RESPOSTA QUE NOS DERON: Con miras a solucionar esta carencia o Concello xa elaborou un proxecto ao respecto e estase en xestións coa Deputación da Coruña coa intención de que esta actuación sexa incluída no Plan de Travesías da institución provincial.

O importante é que xa está na axenda. Nós estaremos atentos e volveremos a insistir cantas veces sexa preciso.

Saúdos.

Ribeira, marzo 2014

Asdo.: Xosé Antonio Vázquez Cobas

www.bng-ribeira.org